



XORNADA DE TRABALLO, HORARIO E NOVAS FUNCÍONS DO PERSOAL DOCENTE

ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (Modificada pola ORDE do 4 de xuño de 2012)

Téñase en conta a Resolución do 10 de xaneiro de 2024 na que se recolle o texto do acordo sobre medidas que “melloran” o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto da presente orde é regular a xornada de traballo dos funcionarios docentes pertencentes aos corpos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e do persoal laboral docente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

A presente orde é de aplicación ao persoal funcionario docente e ao persoal laboral docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 3. Xornada semanal do persoal funcionario e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria e educación especial.

1. A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades do centro con presenza no

mesmo. Das ditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias, de luns a venres.¹

2. Computarán como horario lectivo as gardas, as gardas de recreo e as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

3. A nivel de transporte escolar o número de persoal docente de garda será de un por cada cincuenta alumnos ou fracción. Nos períodos de lecer as ratios serán as establecidas na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 4. Xornada semanal do persoal funcionario e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación secundaria, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas.²

1. A xornada semanal do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, programas de cualificación profesional inicial, bacharelato, formación profesional específica, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas será de trinta e sete horas e media, das cales dedicarán trinta ás actividades do centro con presenza nel. Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo. Destas 23 horas, 20 terán carácter lectivo e as tres restantes distribuiranse entre dúas gardas e unha hora de tutoría de pais e alumnos.

2. Nos centros en que proceda, nas horas de garda incluíranse as gardas de recreo e para custodiar o alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

3. As reunións dos departamentos didácticos faranse como mínimo unha vez ao mes, logo da convocatoria da xefatura do departamento. As ditas reunións terán o mesmo carácter que as do claustro de profesores e computaranse dentro das sete horas complementarias non fixas.

Artigo 5. Outras actividades computables como lectivas.

¹ A Resolución do 10 de xaneiro de 2024 na que se recolle o acordo entre a minoría sindical e a Consellaría non modifica a normativa anterior, polo que neste documento non se altera. Porén, hai que ter en conta que esa Resolución estipula no seu punto 3 o seguinte:

Redúcese o horario lectivo do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria a 23 horas e difírese a negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e persoal laboral docente ao momento en que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia.

² Segundo redacción incorporada coa ORDE do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011



Nas ordes que desenvolvan os regulamentos orgánicos dos centros complementarase a regulación da xornada de traballo do persoal docente e determinarase que as funcións directivas e outras actividades teñen a consideración de lectivas, fixándose o número de horas ou sesións lectivas computables por esas actividades.

Artigo 6. *Horario non lectivo.*

O horario de dedicación directa ao centro que non corresponda a tarefas lectivas destinarase, entre outras, a actividades relacionadas coas titorías e orientación do alumnado, titorías de pais e nais, gardas cando non teñan o carácter de lectivas, reunións de equipos de ciclo, departamento, sesións de avaliación, dinamizacións, participación en reunións de órganos colexiados e reunión para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación.

Artigo 7. *Horario semanal de non obrigada permanencia no centro.*

O resto da xornada semanal -sete horas e media- de non obrigada permanencia no centro, destinarase ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

Artigo 8. *Forma de complementar o horario lectivo.*

O persoal docente en cuxo centro non existira horario lectivo completo da súa especialidade docente ou de materia para a que teña competencia docente, poderá optar por completar a súa xornada lectiva noutro centro da localidade, de acordo coa dita especialidade ou competencia docente, ou no propio centro, impartindo materias afíns á mesma.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Orde do 1 de setembro de 1987 pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas básicas, medias, artísticas e de idiomas e aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición final. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2011.